



¡Oferta por tiempo limitado! 🚨 Suscríbete por solo 2€/mes durante 6 meses

Quiero la oferta

CAMBADOS

Unha clase entre dornas, brea e peixe para achegarse á navegación tradicional

BEA COSTA
CAMBADOS / LA VOZ

Más Videos

00:01 / 01:46

Mónica Irago

Mozos de Cambados descubriron un patrimonio marítimo «que é de todos» cunha actividade do Clube Mariño Salnés

27 abr 2024 · Actualizado a las 05:00 h.



Comentar · 0

Como se chaman as partes dunha dorna?, como se aparelha?, como se traballaba con elas no pasado? A todas estas preguntas dou onte resposta o **Clube Mariño Salnés** ante un grupo de **alumnos de antroploxía de primeiro de Bacharelato do instituto Ramón Cabanillas** co gallo dunha actividade de divulgación sobre a cultura marítima que argallaron entre o clube e o centro de ensino.

Vinte rapaces puxeron de mañá rumbo a Tragove para **visitar a lonxa** e coñecer da man de Manolo como é a pesca e o marisqueo en Cambados; a clase continuou co patrón xubilado **José Ramón Cordal**, quen lles falou sobre o tipo de barcos, as artes de pesca e os caladoiros, e de aí marcharon á sede do Clube Mariño do Salnés, onde **houbó ocasión de ver, tocar e ata cheirar a madeira e a brea** que se empregan na carpintería de ribeira.

Foi unha clase de sensacións impartida por **Xaquín, Fernando, Santi, Xesús e tamén Isidro**, que apareceu por alí de casualidade e non perdeu ocasión de falar do proxecto da súa vida: o Chasula.

Un bote do Eo, unha dorna de escarba e a dorna de tope A muller de Balboas actuaron de campo de probas para que os rapaces viran como se arma o temón, a vela ou as drizas e como se preparan e restauran as embarcacións durante o inverno para botalas ao mar no verán.

Para a maioría foi todo un descubrimento porque o mundo da navegación tradicional aínda segue sendo moi descoñecido pese ao traballo que fan desde hai anos a través da Federación Galega pola Cultura Marítima e

Fluvial (Culturmar). Desde Cambados aportaron onte o seu grao de area mediante **unha actividade divulgativa que se completa cunha exposición de paneis e dunha dorna a escala instalados na entrada do instituto** que serviron de marco para unha introdución sobre este patrimonio material e inmaterial. Da teoría pasaron á práctica e, de camiño a Tragove, **tamén houbo oportunidade de afondar nas orixes do barrio mariñeiro de Fefiñáns** e na toponimia da ría. Toda unha lección de historia e de vida que deixoulle unha mensaxe aos mozos: **«O patrimonio marítimo é de todos, nós só somos os gardiáns»**, indicou Xaquín Cuíñas do Clube Mariño Salnés.

Archivado en: Cambados Marisqueo Vela



Comentar · 0

También en La Voz

En directo: Miles de personas acuden a Ferraz para pedir a Pedro Sánchez que no dimita



¿Por qué caminar una hora al día no es suficiente?

LUCÍA CANCELA



Comentarios

Para comentar es necesario estar registrado en lavozdeg Galicia.es

Regístrate gratis

Iniciar sesión

Lista de comentarios

Consulta las normas de uso

Texto a buscar...

BUSCAR

Cambiar idioma: Galego

SUSCRIPTORES

- Mi suscripción
- Réplica en PDF
- Hemeroteca

Suscríbete

REGISTRADOS

- Mi perfil
- Newsletters

Regístrate

CONTACTO

- Cartas al director
- Contacta con nosotros

PUBLICIDAD

- Tarifas publicitarias
- Servicios
- Oferplan
- INMOGalia
- Eventos en Galicia

EDICIONES

- A Coruña
- A Mariña
- Arousa
- Barbanza
- Carballo
- Deza
- Ferrol
- Lemos
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- Santiago
- Vigo
- Galicia en 313 concellos